

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO O 01.08.2014

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene, A Coruña, cando son as 8.10 h. do 01.08.2014 e baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do concello ao obxecto de realizar sesión ordinaria.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Alejandro Dopico Rodríguez, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Painceiras, Iván Puentes Rivera, Antón Lois Noceda Carballo, Amalia García Balado, María Carmen Silvar Canosa, José Antonio López Rodríguez (quen se retira cando se sinala), Juventino José Trigo Rey, Rita María Couto Seijido, Manuel Polo Gundín, Inés Roca Requeijo, Justo Martínez Ardá e María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretario accidental:

Fernando Aradas García

Interventora accidental:

María Milagros López Álvarez

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 08.05.2014

Ao non haber obxeccións, queda aprobada a acta da sesión ordinaria do 08.05.2014.

2. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dende o número 599/2014 á 708/2014

Os concelleiros danse por informados.

3. Dación de conta do informe de Intervención e Tesourería correspondente ao 2º trimestre de 2014 sobre o cumprimento das previsións establecidas na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais

Os concelleiros danse por informados.

4. Aprobación, se procede, do expediente de delegación na Deputación Provincial da Coruña de competencias en materia de xestión catastral

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con 3 votos a favor do grupo municipal do PP, 2 votos en contra (1 do grupo municipal socialista e 1 do grupo municipal do BNG) e 1 abstención do grupo mixto municipal, na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 28.07.2014:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL

Mediante resolución de alcaldía núm. 1315/2013 adxudicouse o contrato menor de servizos de “Xestión Catastral” co obxecto de dar cumprimento ó convenio entre a Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos (Dirección Xeral do Catastro) e o Concello de Fene de colaboración en materia de xestión catastral (BOE núm. 268 de 08.11.2007).

Na dita adxudicación contemponse como causas de resolución do contrato, a duración máxima dun ano, a extinción do Convenio realizado coa Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos (Dirección Xeral do Catastro) ou a asunción do obxecto do contrato pola Deputación provincial da Coruña.

A cláusula décimocuarta do Convenio de 24.03.2003, asinado entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección General del Catastro) e a Deputación Provincial da Coruña, de colaboración en materia de xestión catastral, di "*Los Ayuntamientos que tengan delegada la gestión tributaria del Impuesto sobre Bienes Inmuebles a favor de la Diputación Provincial podrán facultar en cualquier momento al ente provincial para la formalización del convenio de colaboración en materia de gestión catastral con la Administración General del Estado. Dicha circunstancia será puesta en conocimiento de la Gerencia y, transcurrido un mes desde su notificación, se entenderá que el municipio se encuentra incluido en el ámbito de aplicación del presente Convenio*"

A base terceira apartado segundo das bases para a prestación de servizos tributarios ós concellos da provincia da Deputación provincial da Coruña establece como delegable na Deputación provincial a seguinte "*La facultad, de acuerdo con lo previsto en el artículo 78 de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, para establecer acuerdos o convenios con la Administración Tributaria del Estado en materia de colaboración e inspección en relación con el Impuesto sobre Bienes Inmuebles*".

O 23.05.2014 emiten informe conxunto a interventora accidental e a tesoureira na que poñen de manifesto que a providencia de alcaldía se axusta ó disposto no artigo 7 do RDL 2/2004 e que a aprobación do expediente require do acordo plenario por maioría absoluta.

De acordo co anterior, en uso das atribucións conferidas pola normativa legal vixente, esta alcaldía PROPÓN ó pleno municipal, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Delegar na Deputación Provincial da Coruña a facultade para establecer acordos e convenios coa Administración Tributaria do Estado en materia de colaboración e inspección en relación co Imposto sobre Bens Inmóbeis, de acordo co previsto na Lei Reguladora das Facendas Locais, a Lei Reguladora do Catastro e as súas respectivas normas de desenvolvemento.

O exercicio das competencias delegadas levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación dos servizos tributarios aos Concellos da provincia, aprobadas ao efecto pola Deputación Provincial da Coruña.

SEGUNDO.- Facultar ó alcalde do Concello de Fene para realizar todas as actuacións que resulten necesarias para, no seu momento, deixar sen efecto o convenio entre a Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos (Dirección Xeral do Catastro) e o Concello de Fene de colaboración en materia de xestión catastral (BOE núm. 268 de 08.11.2007).

TERCEIRO.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e abrir un prazo de trinta días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da publicación, para xeral coñecemento e presentación de alegacións, que serán resoltas polo Pleno do Concello. De non presentarse ningunha, este acordo se entenderá automaticamente elevado a definitivo.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial da Coruña."

Abre o debate o concelleiro de facenda, Juan José Franco Casal, que di que a delegación prevé a asistencia no Concello unha vez por semana e, no caso de que non se consiga dita asistencia, o goberno municipal comprométese a facer unha contratación para que o servizo sexa para todos os veciños.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que xa dixeron no seu momento que non tiñan ningún problema en que se delegue na Deputación provincial e que son favorables a que tanto a deputación como a mancomunidade de municipios asuman funcións que presta en solitario o concello. Non obstante teñen dúas premisas respecto deste convenio que hai que solucionar, unha é a atención aos veciños e veciñas na Casa do Concello de Fene e outra, ter a garantía de fiscalización dos ingresos que pode facerlle a Deputación ao Concello.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino Trigo Rey, que di que se vai manter na mesma posición que a última vez que se falou deste tema. O problema é que o convenio non garante a atención aos veciños de Fene. Está claro que hai que aforrar pero non se pode facelo en servizos deixando de prestalos, por iso é moi importante que se garanta a presenza dalgunha persoa por parte da deputación no concello que poida prestarlles o servizo aos veciños para que non teñan que desprazarse a Ferrol ou A Coruña. Por iso, ata que isto se aclare, van votar en contra.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que coinciden na preocupación de que non se garanta a atencións aos veciños.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que a deputación non deixa a opción de incluír no convenio nada máis. A delegación tense que facer así e logo, a posteriori, tentar acadar a prestación semanal dunha persoa no concello.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que os convenios non son textos bloqueados e pechados, son acordos entre as partes e pódese incluír todo aquilo que se acorde. Por experiencias previas xa se pactou a presenza no concello dunha persoa durante dous anos para informar sobre a recadación provincial, servizo que rematou co cambio do goberno provincial. Respecto do dito que de non conseguir a asistencia se contrataría unha empresa para prestar o servizo pregúntase, ¿cal sería o aforro?.

Sometido o asunto a votación foi rexeitada a súa aprobación por 11 votos en contra (5 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo municipal mixto), e 6 votos a favor do grupo municipal do PP.

5. Aprobación, se procede, da denuncia do Convenio de colaboración entre o Concello de Fene e a Asociación de Emisoras Municipais Galegas para a posta en marcha do proxecto dunha programación de apoio ás emisoras municipais

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con 3 votos a favor do grupo municipal do PP e 3 abstencións (1 do grupo municipal socialista, 1 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal), na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 28.07.2014:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: denuncia do Convenio de colaboración entre o Concello de Fene e a Asociación de Emisoras Municipais Galegas para a posta en marcha do proxecto dunha programación de apoio ás emisoras municipais.

O 04.08.2005 na sesión ordinaria do Pleno do Concello aprobou o convenio de colaboración entre o Concello de Fene e a Asociación de Emisoras Municipais Galegas (en adiante EMUGA) co obxecto estipulado “O presente convenio ten por obxecto poñer os medios para a realización efectiva dunha programación de apoio ás emisoras municipais.”

O 07.09.2005 asinouse o convenio referenciado entre o alcalde e o presidente de EMUGA e entrou en vixencia ao día seguinte, o 08.09.2005, polo prazo dun ano.

Os convenios de colaboración formalmente considerados son instrumentos de cooperación de natureza bilateral, que moitas veces levan fórmulas económicas ou prestacións de servizos que dan soporte ao seu obxecto. En ambos casos a relación ten que ter un carácter de continuidade, de xeito que a duración e as súas posibles prórrogas, en ambos casos, son estipulacións que deben recollerse expresamente no texto do convenio.

No caso do convenio que nos ocupa, dende a súa sinatura non consta que se asinara ningún outro convenio ao respecto e, o actual convenio, non estipula ningunha clase de prórroga, polo que pódese entender que o convenio ten finalizado o 08.09.2006.

Así as cousas, dito convenio foi prorrogándose tacitamente ano a ano, polo que cómpre, antes do 8 de setembro deste ano, denunciálo e dar por rematado calquera tipo de colaboración con EMUGA, pois non se dan os termos para seguir desenvolvendo ningunha actividade de colaboración entre as dúas partes.

Por iso, logo de ver canto antecede, no exercicio das competencias que me atribúe a lexislación vixente, propóñolle ao Pleno que adopte o seguinte acordo:

1. Denunciar á prorroga tácita e dar por rematado o Convenio de colaboración entre o Concello de Fene e a Asociación de Emisoras Municipais Galegas para a posta en marcha do proxecto dunha programación de apoio ás emisoras municipais, aprobado polo concello Pleno o 04.08.2005 e asinado o 07.09.2005, poñendo así fin á colaboración con EMUGA.
2. Darlle traslado do acordo á Asociación de Emisoras Municipais Galegas (EMUGA)."

Abre o debate o alcalde, que di que trátase de denunciar o convenio que existe con Emuga que vence o vindeiro 07.09.2014.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que a situación de Emuga co Concello é delicada e entenden que é un tema que afecta á responsabilidade de tódolos membros do goberno, xa que todos os grupos gobernaron e todos tiveron a opción de que isto non fose así. En todo caso a situación podía ter sido doutra maneira. Entende que esta proposta chega sen ter claro cales son as consecuencias nin a situación real de Emuga, se ten visos de viabilidade, se hai débedas e se as hai a canto ascenden, que pasaría se desaparecese, pois se non ten onde emitir pode pechar con todas as consecuencias de débedas, traballadores, etc. Por iso antes de denunciar débese convocar aos órganos de Emuga e presentar un informe sobre cal é a súa situación económica e logo ver cales son as medidas para que os posibles efectos sexan os menores posibles para os concellos, valorar a viabilidade contemplando non só o pagamento das débedas senón o resarcimento ao Concello de Fene das indemnizacións que xa fixo. Por iso esta proposta non lle parece viable, o único que se pretende é darlle unha patada a un problema e iso non é a solución. Considera que débese facer primeiro un plan de actuación de Emuga, unha análise da situación e das consecuencias da denuncia do convenio para o concello e, a partir de aí, tomar as decisións que sexan oportunas. Se o procedente, logo disto, é denunciar o convenio o apoiarán. Por iso, traer esta proposta así é irresponsable e o que fai é tapar a incapacidade do goberno de afrontar os problemas con seriedade e responsabilidade.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino Trigo Rey, que di que pensan que o obxecto do convenio é moi interesante e que o convenio é válido. Outra cousa é a xestión que se fixo do convenio, que foi mala, pero antes de tomar esta decisión como tal pensa que debían falar co resto dos concellos que forman Emuga, falar das consecuencias para o Concello de Fene e tentar negociar antes.

Seguidamente fai uso da palabra a concelleira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que pensa que primeiro sería falar co resto dos concellos que forman Emuga, saber como está a súa situación económica e logo volver poñelo enriba da mesa para tomar unha decisión que sexa beneficiosa a medio e longo prazo.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que na Xunta de Voceiros xa o explicou claramente cales son as consecuencias e parécelle unha hipocrísia escoitar estas intervencións. Safisfácelle ver como se arenga ao goberno pola porta traseira para que peche Radio Fene e que se lle meta mano a Emuga e, cando de verdade se trae o asunto, todo o mundo recúe. Polo menos a fotografía fixa do Pleno queda ben reflexada para futuras cuestións.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que lle di ao alcalde que na Xunta de Voceiros o partido socialista díxolle o que pensaba e pediulle o mesmo que se dixo aquí, polo que non ve ningunha hipocrísia. Respecto a Radio Fene e Emuga di que é unha situación que hai que abordar canto antes e falar con todos os socios, incluso facer unha auditoría económica da entidade e da súa xestión para logo tomar as decisións que correspondan. Dille ao alcalde que é incapaz, igual que o concelleiro no seu día, de contestar cal é a situación real, porque non ten a constancia do que pode supor o despido dos traballadores. Por iso piden a intervención en Emuga, pero antes débese convocar aos socios, facer un estudo económico e

logo tomar as decisións correspondentes. Respecto dos estatutos de Emuga di que se hai algunha parte que non lles convencen haberá que corríxilos e tamén haberá que corríxir aquelas actuacións que se fixeron por parte dos concellos ou de Emuga. O que non pode ser é que cando hai un problema se lle dea unha patada e logo ver o que pasa, iso non é responsabilidade nin ningún tipo de solución. Agradeceríalle, xa que a posición do seu partido é ben clara, que retire o da hipocrísia.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino Trigo Rey, que di que pensa que igual que noutras cousas tamén se pensa en compartir servizos, neste caso tamén é moi interesante.

Seguidamente fai uso da palabra a concelleira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que pensa que hai que tomar unha solución. Di que ten constancia dunha débeda duns 30000 euros desta sociedade e que o convenio vencía en setembro, o que non sabe é porque non se fixo con tempo suficiente porque non é algo que xurdiu o mes pasado. Así entre todos podían ter atallado isto con tempo e non facer as cousas con presas, de xeito que ao mellor supoñan repercusións negativas para o concello.

De seguido intervén o alcalde que di que non vai retirar o cualificativo de hipocrísia porque agora vese claramente que o goberno algo si dixo e que se falou das consecuencias. O que o goberno non pode facer é de pitonisa do que pode pasar. O goberno díxolles cales ían ser as consecuencias inmediatas e o que souberon grazas a súa asistencia a unha reunión no que se ía nomear unha Comisión permanente. Na Xunta de Voceiros informóuselles que non se constituíu dita comisión e que se dixo, aínda que sen achegar ningunha documentación, que había unha débeda. Por iso parécelle de pura hipocrísia que se diga que non se informou de nada e que os grupos políticos teñen descoñecemento total e absoluto. Tamén se lles informou que a denuncia do convenio non significaba que o 07.09.2014 Emuga tivera que saír deste Concello, que pasaría de estar dunha situación conveniada a unha situación en precario, e que a partir de aí procedería estudar con todos os Concellos a situación a tomar. Remata dicindo que sobre isto todos gardaron silencio.

Sometido o asunto a votación foi rexeitada a súa aprobación por 11 votos en contra (5 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo municipal mixto), e 6 votos a favor do grupo municipal do PP.

6. Aprobación, se procede, do acordo relativo ao Convenio de colaboración entre os Concellos de Cabanas, Fene, Mugardos, Neda, Pontedeume e Ares

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con 3 votos a favor do grupo municipal do PP e 3 abstencións (1 do grupo municipal socialista, 1 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal), na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 28.07.2014:

“PROPOSTA DO CONCELEIRO DELEGADO DA ÁREA DE FACENDA PROMOCIÓN ECONÓMICA, FORMACIÓN E EMPREGO

O Concello de Cabanas solicitou unha subvención para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o emprego, ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego en Galicia durante os anos 2014 e 2015 (DOG nº6, do 10 de xaneiro de 2014)

O 04.02.2014, con rexistro de entrada núm. 993, o Concello de Cabanas presenta o convenio de colaboración para o desenvolvemento do PIE “Artabria Emprega III” asinado entre os Concellos de Cabanas, Fene, Mugardos, Neda, Pontedeume e Ares.

O 08.07.2014, con rexistro de entrada núm. 6394, o Concello de Cabanas presenta a Resolución da Consellería de Traballo e Benestar de data 19.06.2014 pola que se concede unha subvención ao Concello de Cabanas.

Tendo en conta o anterior, visto o informe da secretaría do 22.07.2014, PROPONSE Ó PLENO, previo ditame da Comisión Informativa de asuntos económicos, facenda e especial de contas, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o "Convenio de colaboración entre os Concellos de Cabanas, Fene, Mugar dos, Neda, Pontedeume e Ares", que se transcribe a continuación:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE CABANAS, FENE, MUGARDOS, NEDA, PONTEDEUME E ARES.

REUNIDOS

D. Germán Castrillón Permuy, Alcalde-Presidente do Concello de Cabanas, D. Gumersindo Pedro Galego Feal, Alcalde-Presidente do Concello de Fene, D. José Ignacio Cabezón Lorenzo, Alcalde-Presidente do Concello de Neda, D. Xosé Fernández Barcia, Alcalde-Presidente do Concello de Mugar dos, D. Gabriel Torrente Piñeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Pontedeume e D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde-Presidente do Concello de Ares.

Actuando os reunidos no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñecendo capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN

Co fin de presentarse a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o emprego durante os anos 2014 e 2015 Orde do 23 de decembro de 2013, e de acordo co Artigo 4 apartado a de dita orde en función do que poderán ser entidades beneficiarias de dita subvención os concellos que, por si sos ou asociados, teñan unha media de paro rexistrado no 2013 superior a 500 persoas , os concellos de Cabanas, Fene, Mugar dos, Neda, Pontedeume e Ares, acordan asociarse para a solicitude e posterior posta en marcha dun plan integral de emprego dirixido a mellorar a ocupabilidade e a inserción das persoas traballadoras en situación de desemprego, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio de colaboración é establecer as bases de cooperación entre os Concellos de Cabanas, Fene, Mugar dos, Neda, Pontedeume e Ares, para a posta en marcha e execución dun plan integral de emprego dirixido a mellorar a ocupabilidade e a inserción das persoas traballadoras en situación de desemprego, que combine accións de diversa natureza, tales como información, orientación e asesoramento, formación, práctica laboral, prospección de empresas e intermediación laboral, e mobilidade xeográfica e conciliación da vida familiar. A denominación do PIE será Artabria Emprega III .

SEGUNDA. Ámbito territorial

As devanditas accións abarcarán o seguinte ámbito territorial:

Concello de Cabanas
Concello de Fene
Concello de Mugar dos
Concello de Neda
Concello de Pontedeume
Concello de Ares

TERCEIRA.- Obxectivos da colaboración.-

Obxectivos Xerais

Acompañar no progreso persoal e profesional, en tódalas súas etapas, os participantes do programa, aportándolle os recursos e solucións que requira a evolución das súas necesidades e as das empresas.

Mellora-las posibilidades de acceso a un emprego, a través da mellora da empregabilidade dos participantes.

Apostar pola busca de emprego estable e de calidade.

Realizar labores de intermediación laboral para facilitarlle o acceso os participantes ao mundo laboral.

Cofece-la realidade do emprego para realiza-la orientación laboral do modo máis adecuado posible atendendo as necesidades do empresariado.

Contribuír a inclusión social e a conciliación da vida persoal e laboral

Poñer a disposición dos usuarios un servizo que conte con recursos humanos, técnicos e organizativos que lle faciliten a busca de emprego tanto por conta allea como por conta propia.

Obxectivos Cuantitativos

Conseguir-la inserción laboral de polo menos o 35% dos participantes no programa.

Obxectivos Estratéxicos

Promover a cooperación da Administración Local, os axentes sociais e económicos e outras entidades clave no deseño, coordinación e posta en marcha de accións e programas a favor do emprego, axeitados á realidade do territorio.

CUARTA. Entidade Solicitante

A entidade solicitante é o concello de Cabanas e na súa representación, D. Germán Castrillón Permuy, Alcalde-Presidente do Concello de Cabanas.

CUARTA. Xestión do Proxecto

O Concello de Cabanas como entidade solicitante e promotora do proxecto levará a cabo a xestión integral do mesmo, dende a presentación da súa solicitude ata a xustificación e liquidación.

QUINTA. Mecanismos de reunión e coordinación

Sempre que se considere necesario convocarase por calquera das partes aos Concellos integrantes do PIE para informar ou tratar cantas cuestións sexan necesaria para o correcto desenvolvemento do Programa, actuando como coordinador o Concello de Cabanas.

SEXTA.-Financiamiento/cofinanciamiento.-

Os concellos comprométese a realizar e garantir un esforzo investidor no financiamento total do proxecto. Esta cofinanciación por parte dos concellos representará o 10% do total do importe da subvención concedida. Está aportación distribuírase como se indica no seguinte cadro:

Concellos	Porcentaxe de cofinanciación a aportar
Concello de Cabanas	2,5%
Concello de Fene	2,5%
Concello de Mugaros	2,5%
Concello de Neda	2,5%
Concello de Pontedeume	2,5%
Concello de Ares	2,5%
TOTAL	15%

SÉPTIMA.- Importe Económico da Subvención

O importe económico determinado na subvención realizarase, na súa totalidade, nun número de conta de titularidade do Concello de Cabanas o cal terá a responsabilidade de aboar os gastos imputables e efectivamente realizados o mesmo nos termos que establece a Orde do 23 de decembro de 2013.

OCTAVA.- Obrigas do Concello de Cabanas

Ademais das establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, deberá cumprir as seguintes obrigas:

a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Someterse ás actuacións de comprobación efectuadas pola Consellería de Traballo e Benestar, e pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, e ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ás previstas na lexislación do Consello de Contas. Neste sentido deberán conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, na medida en que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

c) Dispoñer de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, coa identificación en conta separada ou epígrafe específica da súa contabilidade de todos os

ingresos e gastos de execución das accións realizadas, para garantir a rastrexabilidade dos pagamentos e o seguimento da pista de auditoría.

d) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, na medida en que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

e) Comunicarlle á Consellería de Traballo e Benestar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

f) Comunicar á Consellería de Traballo e Benestar e á oficina de emprego correspondente os datos básicos das persoas desempregadas que se incorporan o programa integrado, así como as baixas e as novas incorporacións a el, de acordo coas instrucións para a posta en marcha dos programas.

QUINTA.- Selección e Contratación

Unha vez ditada a resolución estimatoria, a entidade solicitante nomeará a unha persoa para a coordinación das accións que se realizarán durante o desenrolo do programa e a outra para a coordinación administrativa.

SEXTA.- Duración

O presente convenio de colaboración estende a súa duración no tempo ata a extinción da concesión da subvención outorgada pola Consellería de Traballo en base a orde do Orde do 23 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública

para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o emprego durante os anos 2014 e 2015.

Poderase ampliar este prazo por acordo das partes cando se xustifique a necesidade de continuidade nas devanditas accións.

SÉPTIMA .- Natureza xurídica e xurisdición competente

O presente documento ten una natureza de convenio de cooperación suscrito entre EE.LL.

O presente convenio rexerese ademais do disposto nas súas cláusulas, pola Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e polas demais normas de dereito administrativo aplicable, ou no seu defecto polas derivadas do dereito privado, en particular pola Lei 4/2006 de transparencia e boas prácticas da Administración pública Galega e pola resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Concello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio non dirimidas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso administrativa (art. 8.3 da Lei 30/1992), sen prexuízo da aplicación do artigo 44 da Lei 29/1985 reguladora das bases do réxime local, e 5/1997, de Administración Local de Galicia.

En proba de conformidade, asinan este Convenio de Colaboración:

En Cabanas a 10 de xaneiro de 2014.

O ALCALDE DE CABANAS
D. Germán Castrillón Permuy

O ALCALDE DE FENE
D. Gumersindo Pedro Galego Feal

O ALCALDE DE MUGARDOS
D. Xosé Fernández Barcia

O ALCALDE DE NEDA
D. José Ignacio Cabezón Lorenzo

O ALCALDE DE PONTEDEUME
D. Gabriel Torrente Piñeiro

O ALCALDE DE ARES
D. Julio Ignacio Iglesias Redondo”

SEGUNDO.- Facultar ó alcalde do Concello de Fene para realizar todas as actuacións que resulten necesarias no ámbito das competencias municipais para dar cumprimento aos compromisos asumidos no devandito convenio.

TERCEIRO.- Proceder á publicación do presente acordo, co contido do convenio, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.”

Abre o debate o concelleiro de Facenda que explica que trátase dun Convenio entre os concellos de Cabanas, Fene, Mugardos, Neda, Pontedeume e Ares para facer plan de emprego que daría a participación a 174 persoas de distintos colectivos cun obxectivo de inclusión dun 35%.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que este convenio non é máis recortes sobre recortes, xa que estes plans antes facíanse de xeito individual nos concellos e agora se fan entre todos e afectan a menos traballadores. Por iso quere deixar constancia desta queixa. Non obstante, este convenio vén con informes positivos e vaise aprobar.

Sometido o asunto a votación é aprobado pola unanimidade dos concelleiros presentes.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

Primeiro. Aprobar o "Convenio de colaboración entre os Concellos de Cabanas, Fene, Mugardos, Neda, Pontedeume e Ares", que se transcribe a continuación:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE CABANAS, FENE, MUGARDOS, NEDA, PONTEDEUME E ARES.

REUNIDOS

D. Germán Castrillón Permuy, Alcalde-Presidente do Concello de Cabanas, D. Gumersindo Pedro Galego Feal, Alcalde-Presidente do Concello de Fene, D. José Ignacio Cabezón Lorenzo, Alcalde-Presidente do Concello de Neda, D. Xosé Fernández Barcia, Alcalde-Presidente do Concello de Mugardos, D. Gabriel Torrente Piñeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Pontedeume e D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde-Presidente do Concello de Ares.

Actuando os reunidos no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñecendo capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN

Co fin de presentarse a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o emprego durante os anos 2014 e 2015 Orde do 23 de decembro de 2013, e de acordo co Artigo 4 apartado a de dita orde en función do que poderán ser entidades beneficiarias de dita subvención os concellos que, por si sos ou asociados, teñan unha media de paro rexistrado no 2013 superior a 500 persoas , os concellos de Cabanas, Fene, Mugardos, Neda, Pontedeume e Ares, acordan asociarse para a solicitude e posterior posta en marcha dun plan integral de emprego dirixido a mellorar a ocupabilidade e a inserción das persoas traballadoras en situación de desemprego, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio de colaboración é establecer as bases de cooperación entre os Concellos de Cabanas, Fene, Mugardos, Neda, Pontedeume e Ares, para a posta en marcha e execución dun plan integral de emprego dirixido a mellorar a ocupabilidade e a inserción das persoas traballadoras en situación de desemprego, que combine accións de diversa natureza, tales como información, orientación e asesoramento, formación, práctica laboral, prospección de empresas e intermediación laboral, e mobilidade xeográfica e conciliación da vida familiar. A denominación do PIE será Artabria Emprega III .

SEGUNDA. Ámbito territorial

As devanditas accións abarcarán o seguinte ámbito territorial:

**Concello de Cabanas
Concello de Fene
Concello de Mugardos**

**Concello de Neda
Concello de Pontedeume
Concello de Ares**

TERCEIRA.-Obxectivos da colaboración.-

Obxectivos Xerais

Acompañar no progreso persoal e profesional, en tódalas súas etapas, os participantes do programa, aportándolle os recursos e solucións que requira a evolución das súas necesidades e as das empresas.

Mellora-las posibilidades de acceso a un emprego, a través da mellora da empregabilidade dos participantes.

Apostar pola busca de emprego estable e de calidade.

Realizar labores de intermediación laboral para facilitarlle o acceso os participantes ao mundo laboral.

Coñece-la realidade do emprego para realiza-la orientación laboral do modo máis adecuado posible atendendo as necesidades do empresariado.

Contribuír a inclusión social e a conciliación da vida persoal e laboral

Poñer a disposición dos usuarios un servizo que conte con recursos humanos, técnicos e organizativos que lle faciliten a busca de emprego tanto por conta allea como por conta propia.

Obxectivos Cuantitativos

Conseguí-la inserción laboral de polo menos o 35% dos participantes no programa.

Obxectivos Estratéxicos

Promover a cooperación da Administración Local, os axentes sociais e económicos e outras entidades clave no deseño, coordinación e posta en marcha de accións e programas a favor do emprego, axeitados á realidade do territorio.

CUARTA. Entidade Solicitante

A entidade solicitante é o concello de Cabanas e na súa representación, D. Germán Castrillón Permuy, Alcalde-Presidente do Concello de Cabanas.

CUARTA. Xestión do Proxecto

O Concello de Cabanas como entidade solicitante e promotora do proxecto levará a cabo a xestión integral do mesmo, dende a presentación da súa solicitude ata a xustificación e liquidación.

QUINTA. Mecanismos de reunión e coordinación

Sempre que se considere necesario convocarase por calquera das partes aos Concellos integrantes do PIE para informar ou tratar cantas cuestións sexan necesaria para o correcto desenvolvemento do Programa, actuando como coordinador o Concello de Cabanas.

SEXTA.-Financiamiento/cofinanciamiento.-

Os concellos comprométese a realizar e garantir un esforzo investidor no financiamento total do proxecto. Esta cofinanciación por parte dos concellos representará o 10% do total do importe da subvención concedida. Está aportación distribuírse como se indica no seguinte cadro:

Concellos	Porcentaxe de cofinanciación a aportar
Concello de Cabanas	2,5%
Concello de Fene	2,5%
Concello de Mugardos	2,5%
Concello de Neda	2,5%
Concello de Pontedeume	2,5%
Concello de Ares	2,5%
TOTAL	15%

SÉPTIMA.- Importe Económico da Subvención

O importe económico determinado na subvención realizarase, na súa totalidade, nun número de conta de titularidade do Concello de Cabanas o cal terá a responsabilidade de

aboar os gastos imputables e efectivamente realizados o mesmo nos termos que establece a Orde do 23 de decembro de 2013.

OCTAVA.- Obrigas do Concello de Cabanas

Ademais das establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, deberá cumprir as seguintes obrigas:

a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Someterse ás actuacións de comprobación efectuadas pola Consellería de Traballo e Benestar, e pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, e ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ás previstas na lexislación do Consello de Contas. Neste sentido deberán conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, na medida en que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

c) Dispoñer de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, coa identificación en conta separada ou epígrafe específica da súa contabilidade de todos os ingresos e gastos de execución das accións realizadas, para garantir a rastrexabilidade dos pagamentos e o seguimento da pista de auditoría.

d) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, na medida en que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

e) Comunicarlle á Consellería de Traballo e Benestar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

f) Comunicar á Consellería de Traballo e Benestar e á oficina de emprego correspondente os datos básicos das persoas desempregadas que se incorporan o programa integrado, así como as baixas e as novas incorporacións a el, de acordo coas instrucións para a posta en marcha dos programas.

QUINTA.- Selección e Contratación

Unha vez ditada a resolución estimatoria, a entidade solicitante nomeará a unha persoa para a coordinación das accións que se realizarán durante o desenrolo do programa e a outra para a coordinación administrativa.

SEXTA.- Duración

O presente convenio de colaboración estende a súa duración no tempo ata a extinción da concesión da subvención outorgada pola Consellería de Traballo en base a orde do Orde do 23 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública

para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o emprego durante os anos 2014 e 2015.

Poderase ampliar este prazo por acordo das partes cando se xustifique a necesidade de continuidade nas devanditas accións.

SÉPTIMA .- Natureza xurídica e xurisdición competente

O presente documento ten una natureza de convenio de cooperación suscrito entre EE.LL.

O presente convenio rexerese ademais do disposto nas súas cláusulas, pola Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e polas demais normas de dereito administrativo aplicable, ou no seu defecto polas derivadas do dereito privado, en particular pola Lei 4/2006 de transparencia e boas prácticas da Administración pública Galega e pola resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Concello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio non dirimidas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso administrativa (art. 8.3 da Lei 30/1992), sen prexuízo da aplicación do artigo 44 da Lei 29/1985 reguladora das bases do réxime local, e 5/1997, de Administración Local de Galicia.

En proba de conformidade, asinan este Convenio de Colaboración:

En Cabanas a 10 de xaneiro de 2014.

O ALCALDE DE CABANAS
D. Germán Castrillón Permuy

O ALCALDE DE FENE
D. Gumersindo Pedro Galego Feal

O ALCALDE DE MUGARDOS
D. Xosé Fernández Barcia

O ALCALDE DE NEDA
D. José Ignacio Cabezón Lorenzo

O ALCALDE DE PONTEDEUME
D. Gabriel Torrente Piñeiro

O ALCALDE DE ARES
D. Julio Ignacio Iglesias Redondo"

Segundo. Facultar ó alcalde do Concello de Fene para realizar todas as actuacións que resulten necesarias no ámbito das competencias municipais para dar cumprimento aos compromisos asumidos no devandito convenio.

Terceiro. Proceder á publicación do presente acordo, co contido do convenio, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

7. Aprobación, se procede, do acordo relativo ao Convenio de colaboración entre os Concellos de Cabanas e Fene para a mellora de infraestruturas viarias de acceso ó polígono industrial de Vilar do Colo. Agrupación Cabanas – Fene"

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con 3 votos a favor do grupo municipal do PP e 3 abstencións (1 do grupo municipal socialista, 1 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal), na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 28.07.2014:

"PROPOSTA DO CONCELEIRO DELEGADO DA ÁREA DE FACENDA PROMOCIÓN ECONÓMICA, FORMACIÓN E EMPREGO

Mediante Resolución da Alcaldía núm 159/2014 de data 24.02.2014, esta alcaldía mostra a intención/vontade de formar unha agrupación co Concello de Cabanas (agrupación Cabanas-Fene, concellos limítrofes) co fin de colaborar na xestión compartida do proxecto "Mellora de infraestruturas viarias de acceso ao Polígono Industrial de Vilar do Colo. Agrupación Cabanas-Fene", sendo o ámbito territorial da actuación a dos ditos municipios, Cabanase e Fene, e manter a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigo 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O 20.06.2014, con rexistro de entrada núm. 5776, a Consellería de Economía e Industria notifica a Resolución de concesión de subvención ao Concello de Fene ao abeiro da Orde do 16 de xaneiro de 2014 de axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais, para o expdte: IN519B14-41233. O punto 1.8, literalmente dí: "No caso das agrupacións de concellos, presentarase un convenio asinado por todos os participantes que conforme a agrupación beneficiaria da axuda no cal se recollan expresamente todos os termos indicados no artigo 6.4 das presentes bases e onde tamén constará que cada participante asume as obrigas que, como beneficiario, derivan da presente orde, especialmente as correspondentes ao artigo 17. "

O Concello de Fene e o Concello de Cabanas redactan conxuntamente o Convenio de colaboración entre os Concellos de Cabanas e Fene para a "Mellora de infraestruturas viarias de acceso ó polígono industrial de Vilar do Colo. Agrupación Cabanas-Fene"

Tendo en conta o anterior, visto o informe da secretaría do 22.07.2014, PROPONSE Ó PLENO, previo ditame da Comisión Informativa de asuntos económicos, facenda e especial de contas, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o "Convenio de colaboración entre os Concellos de Cabans e Fene para a "Mellora de infraestruturas viarias de acceso ó polígono industrial de Vilar do Colo. Agrupación Cabanas-Fene", que se transcribe a continuación:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE CABANAS E FENE PARA A "MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DE ACCESO Ó POLÍGONO INDUSTRIAL DE VILAR DO COLO. AGRUPACIÓN CABANAS - FENE".

En Cabanas e Fene a ----- de 2014.

REUNIDOS

Dunha parte, O Alcalde do Concello de Fene, D. Gumersindo Pedro Galego Feal, con N.I.F. 76.404.133-L, en nome e representación do referido concello.

Doutra parte, O Alcalde do Concello de Cabanas, D. Germán Castrillón Permuy, con N.I.F. 32.626.020-Z, en nome e representación do referido concello.

Todos en nome e representación da Corporación Local correspondente, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente Convenio para a mellora de infraestructuras viarias de acceso ó polígono industrial de Vilar do Colo. O convenio realízase trala concesión de subvención ao abeiro da Orde do 16 de xuño de 2014 da Consellería de Economía e Industria pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestructuras dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.

EXPOÑEN

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos do dito artigo.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora de Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Segundo.- O artigo 15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun concello por encomenda de xestión a outros concellos, cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Terceiro.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar novos servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e **POTENCIAR SEMPRE QUE RESULTE POSIBLE A XESTIÓN COMPARTIDA** das actuacións públicas. A prestación dos servizos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición como de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Cuarto.- Por outra banda é necesario que as administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implantando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, reducindo custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

Quinto.- Neste sentido, cómpre optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a devandita xestión compartida na prestación dos servizos públicos, de forma e maneira que o impacto da crise económica sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos reduzan en parte a crítica situación económica dalgúns concellos.

Sexto.- Tanto a LRBRL como a LALGA e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico de Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Sétimo.- Na propia Orde de convocatoria determínase a posibilidade de formalizar a solicitude de axuda baixo a modalidade de agrupación de concellos, establecéndose no artigo 2 das Bases reguladoras que tales agrupacións poderán ser beneficiarias da subvención que, se é o caso, se conceda. A tal efecto, farase constar expresamente tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada un dos integrantes da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a condición de beneficiarios. Deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación con poderes bastantes para cumprir coas obrigas propias dos beneficiarios dunha subvención. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitavo.- Por todo o anterior, na actual situación de crise xa aludida, a xestión compartida de servizos configúranse como unha das posibles solucións para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes ACORDAN a XESTION COMPARTIDA do proxecto de "MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DE ACCESO Ó POLÍGONO INDUSTRIAL DE VILAR DO COLO. AGRUPACIÓN CABANAS-FENE", redactado por Francisco Barea Paz, por un importe total de 178.517,25 €, mediante o presente convenio segundo as seguintes

CLÁUSULAS

Vista a Orde do 16 de xaneiro do 2014 da Consellería de Economía e Industria pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014

Vista a Resolución do 17 de xuño de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se dá publicidade dos beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 16 de xaneiro do 2014 da Consellería de Economía e Industria pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.

Vistas as Resolucións de Alcaldía de **Cabanas e Fene** có obxectivo de considerar o beneficio que supón a prestación e a realización conxunta de obras e servizos: minoración de custos de organización, medios e recursos.

ACORDAN

1. Formar a efectos da dita Orde do 16 de xaneiro do 2014 da Consellería de Economía e Industria unha agrupación formada polos Concellos de **Cabanas e Fene**, concellos limítrofes, có fin de levar a cabo o proxecto conxunto "MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DE ACCESO Ó POLÍGONO INDUSTRIAL DE VILAR DO COLO. AGRUPACIÓN CABANAS-FENE", sendo o ámbito territorial da actuación a dos municipios agrupados, de **Cabanas e Fene**.
2. Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 16 de xaneiro de 2014 da Consellería de Economía e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da

Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.

3. Que a xestión do proxecto sexa realizada polo concello de **Cabanas**, en representación da agrupación, que será a entidade promotora e incluírá todo o relacionado coa xestión do proxecto, aspectos materiais técnicos ou de servizo. Todo elo en base o artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.
4. Comprometerse a manter a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Ley 9/2007, do 13 de Xuño, de subvencións de Galicia.
5. Establecer os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a condición de beneficiarios en base o artigo 8.3 da Lei 9/2007. O Concello de Cabanas comprométese a aportar o 43,89% (78.350,87 euros) da parte económica e o Concello de Fene comprométese a aportar o 56,11% (100.166,38 euros) da parte económica.

Tendo en conta a subvención concedida por importe de 169.591,39 euros, equivalente ao 95% do orzamento, correspondendo ao Concello de Cabanas 74.433,33 euros e ao Concello de Fene 95.158,06 euros, as aportacións municipais de cada Concello serán, de 3.917,54 euros o concello de Cabanas e de 5.008,32 € o concello de Fene.

6. Comprometerse a execución da actividade segundo a porcentaxe da subvención.
7. Comprometerse solidariamente cós demais concellos da agrupación á execución e aplicación solidaria da subvención solicitada.
8. Designar a D. **Germán Castrillón Permuy**, Alcalde – Presidente do Concello de **Cabanas**, representante da agrupación con poder suficiente para cumprir con todas as obrigas que como beneficiario lle correspondan á agrupación para a xestión compartida entre os concellos de **Cabanas e Fene**, segundo os requisitos recollidos no artigo 8.3 da Lei 9/2007.
9. Designar ao Concello de **Cabanas**, como órgano de contratación e ó cal se lle deberá efectura o pagamento da subvención. En todo, para iniciar o expediente de contratación, o concello de Fene deberá achegar o xustificante de retención de crédito da súa aportación para dita obra. A efectos de xustificación do investimento, previo ao pagamento da certificación final, o Concello de Fene ingresará na conta do Concello de Cabanas o importe total do investimento realizado no seu Concello, procedéndose á devolución do importe da subvención unha vez que sexa aboada pola Comunidade Autónoma.
10. Cada participante asumirá as obrigas que como beneficiario, derivan da Orde do 16 de xaneiro de 2014, especialmente as correspondentes ao artigo 17.
11. As discrepancias que xurdan na aplicación do convenio resolveranse por unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada concello. O convenio ten natureza administrativa e as cuestións litixiosas que xurdan na súa execución serán competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

Asdo: D. Germán Castrillón Permuy Asdo: D. Gumersindo Galego Feal”

SEGUNDO.- Facultar ó alcalde do Concello de Fene para realizar todas as actuacións que resulten necesarias no ámbito das competencias municipais para dar cumprimento aos compromisos asumidos no devandito convenio.

TERCEIRO.- Proceder á publicación do presente acordo, co contido do convenio, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.”

Sometido o asunto a votación é aprobado pola unanimidade dos concelleiros presentes.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o "Convenio de colaboración entre os Concellos de Cabans e Fene para a "Mellora de infraestruturas viarias de acceso ó polígono industrial de Vilar do Colo. Agrupación Cabanas-Fene", que se transcribe a continuación:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE CABANAS E FENE PARA A "MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DE ACCESO Ó POLÍGONO INDUSTRIAL DE VILAR DO COLO. AGRUPACIÓN CABANAS - FENE".

En Cabanas e Fene a ----- de 2014.

REUNIDOS

Dunha parte, O Alcalde do Concello de Fene, D. Gumersindo Pedro Galego Feal, con N.I.F. 76.404.133-L, en nome e representación do referido concello.

Doutra parte, O Alcalde do Concello de Cabanas, D. Germán Castrillón Permuy, con N.I.F. 32.626.020-Z, en nome e representación do referido concello.

Todos en nome e representación da Corporación Local correspondente, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécese capacidade para obrigarse nos termos do presente Convenio para a mellora de infraestruturas viarias de acceso ó polígono industrial de Vilar do Colo. O convenio realízase trala concesión de subvención ao abeiro da Orde do 16 de xuño de 2014 da Consellería de Economía e Industria pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.

EXPOÑEN

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos do dito artigo.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora de Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Segundo.- O artigo 15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun concello por encomenda de xestión a outros concellos, cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Terceiro.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar novos servizos aos cidadáns en condicións de calidade que

satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e **POTENCIAR SEMPRE QUE RESULTE POSIBLE A XESTIÓN COMPARTIDA** das actuacións públicas. A prestación dos servizos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición como de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Cuarto.- Por outra banda é necesario que as administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implantando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, reducindo custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

Quinto.- Neste sentido, cómpre optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a devandita xestión compartida na prestación dos servizos públicos, de forma e maneira que o impacto da crise económica sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos reduzan en parte a crítica situación económica dalgúns concellos.

Sexto.- Tanto a LRBRL como a LALGA e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico de Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Sétimo.- Na propia Orde de convocatoria determínase a posibilidade de formalizar a solicitude de axuda baixo a modalidade de agrupación de concellos, establecéndose no artigo 2 das Bases reguladoras que tales agrupacións poderán ser beneficiarias da subvención que, se é o caso, se conceda. A tal efecto, farase constar expresamente tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada un dos integrantes da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a condición de beneficiarios. Deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación con poderes bastantes para cumprir coas obrigas propias dos beneficiarios dunha subvención. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitavo.- Por todo o anterior, na actual situación de crise xa aludida, a xestión compartida de servizos configúranse como unha das posibles solucións para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes **ACORDAN a XESTION COMPARTIDA do proxecto de "MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DE ACCESO Ó POLÍGONO INDUSTRIAL DE VILAR DO COLO. AGRUPACIÓN CABANAS-FENE"**, redactado por Francisco Barea Paz, por un importe total de 178.517,25 €, mediante o presente convenio segundo as seguintes

CLÁUSULAS

Vista a Orde do 16 de xaneiro do 2014 da Consellería de Economía e Industria pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014

Vista a Resolución do 17 de xuño de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se dá publicidade dos beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 16 de xaneiro do 2014 da Consellería de Economía e Industria pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento

Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.

Vistas as Resolucións de Alcaldía de Cabanas e Fene có obxectivo de considerar o beneficio que supón a prestación e a realización conxunta de obras e servizos: minoración de custos de organización, medios e recursos.

ACORDAN

1. Formar a efectos da dita Orde do 16 de xaneiro do 2014 da Consellería de Economía e Industria unha agrupación formada polos Concellos de Cabanas e Fene, concellos limítrofes, có fin de levar a cabo o proxecto conxunto "MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DE ACCESO Ó POLÍGONO INDUSTRIAL DE VILAR DO COLO. AGRUPACIÓN CABANAS-FENE", sendo o ámbito territorial da actuación a dos municipios agrupados, de Cabanas e Fene.
2. Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 16 de xaneiro de 2014 da Consellería de Economía e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.
3. Que a xestión do proxecto sexa realizada polo concello de Cabanas, en representación da agrupación, que será a entidade promotora e incluírá todo o relacionado coa xestión do proxecto, aspectos materiais técnicos ou de servizo. Todo elo en base o artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.
4. Comprometerse a manter a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Ley 9/2007, do 13 de Xuño, de subvencións de Galicia.
5. Establecer os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a condición de beneficiarios en base o artigo 8.3 da Lei 9/2007. O Concello de Cabanas comprométese a aportar o 43,89% (78.350,87 euros) da parte económica e o Concello de Fene comprométese a aportar o 56,11% (100.166,38 euros) da parte económica.

Tendo en conta a subvención concedida por importe de 169.591,39 euros, equivalente ao 95% do orzamento, correspondendo ao Concello de Cabanas 74.433,33 euros e ao Concello de Fene 95.158,06 euros, as aportacións municipais de cada Concello serán, de 3.917,54 euros o concello de Cabanas e de 5.008,32 € o concello de Fene.

6. Comprometerse a execución da actividade segundo a porcentaxe da subvención.
7. Comprometerse solidariamente cós demais concellos da agrupación á execución e aplicación solidaria da subvención solicitada.
8. Designar a D. Germán Castrillón Permy, Alcalde – Presidente do Concello de Cabanas, representante da agrupación con poder suficiente para cumprir con todas as obrigas que como beneficiario lle correspondan á agrupación para a xestión compartida entre os concellos de Cabanas e Fene, segundo os requisitos recollidos no artigo 8.3 da Lei 9/2007.
9. Designar ao Concello de Cabanas, como órgano de contratación e ó cal se lle deberá efectura o pagamento da subvención. En todo, para iniciar o expediente de

contratación, o concello de Fene deberá achegar o xustificante de retención de crédito da súa aportación para dita obra. A efectos de xustificación do investimento, previo ao pagamento da certificación final, o Concello de Fene ingresará na conta do Concello de Cabanas o importe total do investimento realizado no seu Concello, procedéndose á devolución do importe da subvención unha vez que sexa aboada pola Comunidade Autónoma.

10. Cada participante asumirá as obrigas que como beneficiario, derivan da Orde do 16 de xaneiro de 2014, especialmente as correspondentes ao artigo 17.

11. As discrepancias que xurdan na aplicación do convenio resolveranse por unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada concello. O convenio ten natureza administrativa e as cuestións litixiosas que xurdan na súa execución serán competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

Asdo: D. Germán Castrillón Permuy Asdo: D. Gumersindo Galego Feal”

SEGUNDO.- Facultar ó alcalde do Concello de Fene para realizar todas as actuacións que resulten necesarias no ámbito das competencias municipais para dar cumprimento aos compromisos asumidos no devandito convenio.

TERCEIRO.- Proceder á publicación do presente acordo, co contido do convenio, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

8. Estudo, informe e consulta da Proposta da alcaldía de declaración dos festivos locais para o ano 2015

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente pola unanimidade dos concelleiros presentes na Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicos e Medio Ambiente realizada o 29.07.2014:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O 07.07.2014 recíbese un oficio (RE 6348/2014) da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia no que se solicita que se determinen os 2 días de festa local no termo municipal de Fene, de carácter retribuído e non recuperable, para o ano vindeiro ano 2015.

Polo anterior, propónse que o Pleno do Concello de Fene, previo ditame da comisión informativa correspondente, acorde:

Declarar como festivos locais as seguintes datas:

18 de febreiro do 2015	Mércores de cinza
6 de agosto de 2015	San Salvador

Sometido o asunto a votación é aprobado pola unanimidade dos concelleiros presentes.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

Primeiro. Declarar como festivos locais as seguintes datas:

18 de febreiro do 2015	Mércores de cinza
-------------------------------	--------------------------

6 de agosto de 2015

San Salvador

9. Mocións urxentes

9.1 Moción conxunta dos grupos municipais do BNG e do grupo mixto municipal en defensa do pobo Palestino e de condena á agresión bélica de Israel

Por unanimidade dos presentes apróbase a urxencia e incorporación á orde do día da seguinte moción conxunta dos grupos municipais: grupo municipal do BNG e do grupo mixto municipal, á que o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, dá lectura:

“Moción Conxunta dos GM do BNG e EU presentada por urxencia ao abeiro da lexislación vixente.

MOCIÓN EN DEFENSA DO POBO PALESTINO E DE CONDENA Á AGRESIÓN BÉLICA DE ISRAEL.
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Co pretexto do secuestro e do asasinato non aclarado de tres novos estudantes israelís das colonias en Cisjordania ocorridos o 12 de xuño, o goberno Israelí lanzou unha vez máis outra das súas operacións de castigo sobre a poboación palestina encerrada na Franxa de Gaza. Mentres o goberno israelí incitou ás represalias, os lemas racistas e ataques contra a poboación palestina estendéronse nos medios e nas rúas de Israel, o que resultou no asasinato dun adolescente palestino que foi queimado vivo en Xerusalén por uns israelís ultras o pasado 1 de xullo.

O martes 7 de xullo, Netanyahu iniciou unha operación militar de gran envergadura contra a Franxa de Gaza, satisfacendo así as esixencias do seu Ministro de Exteriores.

Os bombardeos foron constantes e sacudiron día e noite todo o territorio da Franxa de Gaza. Os brancos do Exército israelí foron os barrios máis poboados, golpeando centos de casas, hospitais, ambulancias, unha mesquita á hora do rezo, un hospital xeriátrico, un centro destinado ao coidado de persoas discapacitadas, o sistema de saneamento e de distribución de auga, etc. Foron asasinadas cruelmente até a data, medio milleiro de persoas, un 80 por cento delas nenos e nenas, mulleres e persoas maiores. Milleiros de persoas feridas e centos de miles de desprazadas.

As masacres civís repítense ciclicamente en Gaza. Lembramos con horror a operación denominada *Chumbo Fundido* na que morreron máis de 1.400 persoas ou a de *Pilar defensivo* na que houbo 170 vítimas mortais. A pesar das evidencias, ningún dos responsables israelís por estes crimes de guerra e crimes contra a Humanidade foi procesado. Condenamos estes crimes atroces contra unha poboación indefensa, así como os ataques racistas do Exército, policía e colonos israelís contra as palestinas e palestinos de Cisjordania, Xerusalén Este e Israel.

A Franxa de Gaza é unha das zonas máis densamente poboadas do mundo e unha operación de bombardeo masivo non pode supor outra cousa que o xenocidio de poboación inocente. Unha vez máis o Estado de Israel está a demostrar o seu carácter de Estado terrorista cun dos exércitos máis poderosos do planeta, armado pola artillaría e coa impunidade e o silencio dunha comunidade internacional e uns organismos de dereitos humanos que só alzan a súa voz e actúan en defensa dos verdugos. Parécenos extraordinariamente grave que a comunidade internacional (EE.UU. e os países da Unión Europea, España incluída) permita ao goberno de Israel este tipo de comportamentos criminais.

Como en todos os conflitos do mundo, a solución ao conflito entre o estado de Israel e o pobo palestino virá pola vía do diálogo e a negociación, como reivindicaron desde o pobo palestino milleiros de veces.

Pola súa banda, o Consello de Seguridade da ONU chamou a israelís e palestinos a restaurar o cese do fogo e a protexer á poboación civil en cumprimento da lexislación humanitaria internacional, faino cando xa morreron máis de 200 palestinos e palestinas nos últimos ataques.

Con todo Israel négase a acatar as resolucións internacionais e a respectar os dereitos humanos máis elementais da poboación palestina. A construción do muro en Cisjordania e o bloqueo de Gaza, que dura máis anos, supoñen castigos colectivos para o conxunto da poboación palestina.

Por todo isto, o Pleno do Concello de Fene adopta os seguinte **ACORDOS**:

1º.- Este Concello mostra a súa máis rotunda condena á agresión do Goberno de Israel ao pobo palestino.

2º O Concello de Fene solicita a finalización do bloqueo contra a faixa de Gaza, así como o derrubamento do muro do apartheid que Israel está a construír na Palestina ocupada.

3º.- Instar á ONU a que poñan ao Estado de Palestina baixo a protección internacional.

4º.- Instar á ONU crear unha comisión de investigación sobre os bombardeos israelís en Gaza.

5º O Concello de Fene solicita ao Goberno español que abandone a súa actitude pasiva diante deste conflito e esixa ao Estado de Israel o cumprimento do Dereito Internacional e das resolucións que aprobaron as Nacións Unidas desde 1948, de reparto territorial, así como a resolución 194 que obriga a Israel a asumir o dereito ao retorno da poboación palestina a súa terra.

6º.-Promover desde o Concello unha campaña de axuda de emerxencia para paliar a situación que se está vivindo na franxa de Gaza, atendendo así ao chamamento de Cruz Vermella para pedir axuda humanitaria.

7º.-O Concello de Fene apoia os actos que se convoquen para expresar a repulsa social ao ataque criminal do Estado de Israel contra o pobo palestino da faixa de Gaza, e fai un chamamento á cidadanía para manifestar de maneira masiva nas rúas o rexeitamento a este xenocidio.

8º.-Dar traslado dos acordos aos Presidentes dos Gobernos central e autonómico, ao Ministro de Exteriores, ao embaixador israelí, a todos os grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados.

Fene 31 de xullo de 2014
Juventino Trigo Rei

María Carmen Martínez Rodríguez"

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino Trigo Rey, que di que a urxencia vén determinada polos acontecementos xurdidos dende hai unhas semanas coa intervención de Israel en Palestina e cos danos que está causando.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que presenta unha emenda que é substituír tódolos punto do acordo polo seguinte texto: "O Pleno do Concello de Fene condena a inxustificada perda de vidas humanas que se está producindo no conflito de Gaza, reclama que se poña fin a calquera acto de violencia e insta aos organismos internacionais competentes para que busquen unha solución de fondo para que esta situación non se repita nun futuro".

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino Trigo Rey, que di que non pode aceptar a emenda porque se pide a retirada de todos os puntos propostos e non sería ningunha inclusión e si unha substitución.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que comparten todo o exposto. Máis alá dos datos históricos do Estado de Israel ou de Palestina está o dereito internacional e as resolucións das Nacións Unidas que reiteradamente estanse a incumprir. Condenando todo tipo de violencia, a reacción de Israel non é a lexítima defensa, xa que a resposta bélica e militar é desmedida e que para nada pode xustificar ningún tipo de accións que puidera cometer o pobo palestino. Trátase dun auténtico xenocidio, unha masacre na que se ve afectada a poboación civil e na que tamén se atacan instalacións das Nacións Unidas co obxectivo do exterminio do pobo palestino. Estando a favor da paz e contra a guerra non se pode facer outra cousa que votar a favor desta moción e pedir que a comunidade internacional e o goberno español sancione a Israel.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di anuncia o voto favorable. Respecto da emenda do PP di que non ten ningunha razón de ser pois pretende substituír oito puntos por un moi sinxelo. Di que o PP trouxo unha moción respecto do terrorismo e para ela máis terrorismo ca este, coa convivencia da ONU, non hai, porque estase a asasinar a miles de cidadáns e está afectando á xente máis desprotexida. Coincide co PSOE en que sería hipócrita condenar o terrorismo e as guerras e agora votar en contra desta moción.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Punte, que di que precisamente porque o PP condena todos os ataques de Israel e os ataques de Xamaís non poden votar a favor desta moción se non se introduce a emenda proposta, porque a moción presentada é parcial, xa que na exposición de motivos refírese unicamente a unha parte do conflito que se está a producir. Resulta hipócrita que se presente unha moción neste concello sobre unha parte do mundo no que se está informado polas noticias, como todo o mundo, e se sexa incapaz de pronunciarse, con rotundidade, sobre un problema que existiu en España e que se viviu directamente.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que hai determinados problemas nos que non vale ser equidistante e hai que ser parcial, porque por esa regra de tres pódese pensar que hai 60 anos en Alemaña, Hitler asestou un xenocidio en base a que os xudeus, que controlaban os medios de produción, estaban arruinando Alemaña. Ningunha razón pode xustificar un xenocidio e non vale ser equidistante.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que non se rasga as vestiduras por non ser imparcial, igual que noutros conflitos da historia. Neste país tamén houbo guerra civil e tampouco é parcial e tampouco na loita contra ETA. Rexeito un foguete caseiro que saía de Palestina contra Israel pero a resposta de Israel é utilizar isto como escusa para acabar cun pobo enteiro. O máis doado para acabar cos foguetes palestinos sería recoñecer o dereito do Pobo Palestino a ter o seu propio Estado. Neste momento non hai unha guerra entre Israel e Palestina, o que hai é un ataque e un xenocidio contra o pobo palestino.

Sometido o asunto a votación foi aprobada por maioría absoluta por 11 votos a favor (5 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo municipal mixto) e 6 abstencións do grupo municipal do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

- 1. Este Concello mostra a súa máis rotunda condena á agresión do Goberno de Israel ao pobo palestino.**
- 2. O Concello de Fene solicita a finalización do bloqueo contra a faixa de Gaza, así como o derrubamento do muro do apartheid que Israel está a construír na Palestina ocupada.**
- 3. Instar á ONU a que poñan ao Estado de Palestina baixo a protección internacional.**
- 4. Instar á ONU crear unha comisión de investigación sobre os bombardeos israelís en Gaza.**
- 5. O Concello de Fene solicita ao Goberno español que abandone a súa actitude pasiva diante deste conflito e esixa ao Estado de Israel o cumprimento do Dereito Internacional e das resolucións que aprobaron as Nacións Unidas desde 1948, de reparto territorial, así como a resolución 194 que obriga a Israel a asumir o dereito ao retorno da poboación palestina a súa terra.**
- 6. Promover desde o Concello unha campaña de axuda de emerxencia para paliar a situación que se está vivindo na franxa de Gaza, atendendo así ao chamamento de Cruz Vermella para pedir axuda humanitaria.**
- 7. O Concello de Fene apoia os actos que se convoquen para expresar a repulsa social ao ataque criminal do Estado de Israel contra o pobo palestino da faixa de Gaza, e fai un chamamento á cidadanía para manifestar de maneira masiva nas rúas o rexeitamento a este xenocidio.**

8. Dar traslado dos acordos aos Presidentes dos Gobernos central e autonómico, ao Ministro de Exteriores, ao embaixador israelí, a todos os grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados.

Neste momento abandona a sesión o concelleiro José Antonio López Rodríguez.

10. Rogos e preguntas

O voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Na prensa saíu unha nova respecto da praia de Caranza, que está pechada por un vertido de augas fecais dun vertido procedente de Barallobre, ¿isto é así?, ¿a que se debe?, ¿afecta as augas de Barallobre e Maniños?

Contesta o concelleiro de Obras, Alejandro Dopico Rodríguez que di que o 29.07.2014 a Policía Local avisou dun vertido na zona de Barallobre. Púxose en contacto con Geseco que mandou un equipo á zona e comprobouse que á cámara de desbaste do bombeo estaba obstruída e provocou que o colector entrase en carga, non obstante o problema está solucionado. Falta un informe que diga se afectou ao marisco ou non.

O concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Panceiras, di respecto da auga de Barallobre que é apta para o baño, segundo o comunicado que chegou a semana pasada, cando anos atrás non o era.

- En relación co acordo adoptado no último Pleno pediron que se habilitase algún tipo de axuda de comedor para os nenos e nenas de Fene que nos meses do verán puidesen ter necesidade. Quedouse en que os Servizos Sociais fixeran un informe ao respecto. ¿Está feito o traballo?, ¿que resultado tivo?

Contesta a concelleira de Servizos Sociais que ningún veciño lles solicitou ningunha axuda. O que se fai nos casos urxentes, ademais das axudas de emerxencia social, é derivalos a Cáritas onde se lles facilitan alimentos esenciais.

- Recibiron queixas do estado de limpeza dos colectores de lixo da Avda. Marqués de Figueroa, fronte ao Gadis de Perlío, ¿hai previsto algún tipo de actuación na zona?. Se non é así roga que se faga unha limpeza dos colectores e da zona e que se adopte algún tipo de medida contra os locais comerciais que depositan materiais perecedeiros.

Contesta o concelleiro de Obras, Alejandro Dopico Rodríguez, que faloron co responsable de Gadis da zona de Ferrolterra e comprometeuse a dar instrucións claras sobre o tema dos perecederos.

O concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Panceiras, contesta que se procederá a limpeza da beirarrúa.

- ¿Hai coñecemento oficial da Xunta de Galicia da continuidade ou non da escola unitaria de Limodre para o vindeiro curso?. Respecto da escola de Sillobre entenden que si, xa que o número de matrículas non xustifica outra cousa.

Contesta o alcalde que di que non hai ningunha comunicación oficial da Xunta de Galicia. Extraoficialmente di que onte nas novas da Radio Galega escoitou que se ían pechar 6 ou 8 escolas unitarias, todas nas provincias de Ourense e Lugo.

- Recibiron queixas respecto da ausencia do bater químico que hai en San Valentín, polo que roga que se repoña.

Contesta o alcalde dicindo que ese é o bater que se usa para o desembarco viquingo.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Respecto do vertido, ¿quen é o responsable?

Contesta o alcalde que a empresa que leva o bombeo é Geseco.

- Roga que se faga algo respecto das ratas, pois hai moitas queixas dos veciños de San Valentín e agora tamén dos veciños de Perlío, sobre todo na zona de Río Cádavo.

- ¿Está traballando e en que zonas estivo o tractor do concello facendo desbroces nas últimas semanas?

O concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Panceiras, contesta que estivo traballando outra empresa na zona de Sillobre e Limodre porque estivo de baixa o tractorista do concello. Foi un traballo puntual.

- ¿Que novidades hai sobre o tema da taxa de saneamento?

Contesta o alcalde dicindo que a última reunión realizouse a semana pasada. Quen ía realizar o estudo económico da taxa era a interventora de Mugar dos e tivo que cesar para tomar posesión no Concello de Muros, non obstante ten intención de reincorporarse novamente a Mugar dos e será ela quen dea inicio a este tema. A taxa está definida e tentarase levar ao seguinte Pleno se da tempo.

- ¿Tomouse algunha medida sobre os xabarís?

Contesta o alcalde dicindo que se chamou á Consellería de Medio Ambiente para ver que solucións se podían dar. Estase rexistrando todas as fotografías e os partes de denuncias dos veciños para facer un expediente que se achegará á Consellería para que dean unha solución porque o Concello, neste sentido, non ten competencias e as batidas están prohibidas. O último parte que se incorporou foi o do campo de fútbol do Barallobre.

A voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Quere deixar constancia tamén das queixas dos veciños do supermercado Gadis.

- ¿Hai algunha novidade sobre os colectores que se queimaron estes días?.

Contesta o concelleiro de Obras, Alejandro Dopico Rodríguez, que di que non hai ningunha novidade.

- Recibiu queixas dos veciños de San Valentín de que hai moitas autocaravanas e non saben se esta zona é axeitada para isto.

Contesta o concelleiro de Obras, Alejandro Dopico Rodríguez, que é certo que a semana do 25 estiveron alí, son feirantes que estiveron de xeito puntual esperando por outros, déuselles permiso para estar alí e ao día seguinte marcharon.

- Respecto das obras dos colexios, quere saber si se fixo algunha obra no colexio de Sillobre.

O concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Panceiras, contesta que se está traballando en todos os colexios. Pasouse unha relación de todas as obras e o tellado de Sillobre xa está arranxado.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 9.07 h., de todo o que como secretario dou fe.

O alcalde

O secretario accidental

Gumersindo Pedro Galego Feal

Fernando Aradas García